

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E GALICIA TURISTIC SL PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DE ACTIVIDADES DE POSTA EN MARCHA DA SEGUNDA EDICIÓN DO PROXECTO TURISLAB DE ACELERACIÓN DE EMPRESAS TURÍSTICAS

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da **Axencia de Turismo de Galicia**, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra, D. Santiago Paz Noya, en calidade de administrador de **GALICIA TURISTIC SL**, con NIF B01802867, actuando en nome e representación da citada sociedade, en virtude dos poderes conferidos ao efecto.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.



Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que **GALICIA TURISTIC SL** é unha sociedade limitada formada polo Clúster Tic Galicia e dous socios que, segundo o disposto nos seus Estatutos, ten como misión Fomentar a creación de produtos e empresas turísticas baseadas no turismo e na tecnoloxía. Fomentar a creación de emprego de calidade e a retención do talento en Galicia. Fomentar o uso de tecnoloxías como: Big Data, Intelixencia artificial, IOT (Internet of Things), Sensorización, Realidade aumentada ou virtual. Dotar ó sector de contidos innovadores. Difundir produtos de alta tecnoloxía a disposición de empresas e administracións (sensorización Ambiental, sistemas de conteo e xestión de fluxos de persoas e vehículos, etc..).

Que a dita sociedade foi creada para xestionar un dos 5 Centros de Fabricación Avanzados concedidos a través das axudas do Igape creadas para tal fin, e que tal e como se recollen nos seus estatutos ten como finalidade reinvestir os beneficios no propio Centro de Fabricación Avanzada tralo compromiso firmado por todos os seus socios.

Terceiro.- Que a Xunta de Galicia aposta polo emprendemento e a innovación como vía para mellorar a calidade de vida dos cidadáns de Galicia, como panca de eficiencia e de calidade da xestión autonómica, e como polo de xeración e atracción de actividades de alto valor engadido.

Cuarto.- Que **GALICIA TURISTIC SL** ten como socio fundador á Asociación Clúster TIC Galicia e colabora no obxectivo de desenvolver estratexias para facilitar o crecemento do sector TIC en Galicia mediante a potenciación das capacidades do sector, co dobre obxectivo de elevar o nivel competitivo dos produtos e servizos TIC galegos nos mercados estatais e internacionais.



Quinto.- Que Turislab é unha iniciativa promovida pola Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia e coordinada por **GALICIA TURISTIC SL**, e contará coa participación de grandes empresas tractoras do sector, así como outras entidades colaboradoras do sector. O seu obxectivo é a aceleración e consolidación de proxectos especializados no sector turístico e a súa transformación en empresas innovadoras, viables e escalables que atraian e reteñan talento; contribuíndo así a fortalecer o posicionamento do sector e a incrementar a súa proxección internacional.

Sexto.- Que co obxectivo de promover o emprendemento no sector turístico galego, aumentar a súa calidade, atraer actividades de alto valor engadido a Axencia de Turismo de Galicia promoveu no ano 2021 a primeira aceleradora de Turismo en Galicia co fin de impulsar a emprendedores con ideas de negocio enfocado no turismo cara ao éxito das súas empresas, poñer en contacto a emprendedores con redes de mentores, persoas expertas e empresas tractoras para o desenvolvemento dos negocios, facilitar recursos, servizos e axudas económicas a emprendedores para a creación das empresas e establecer contactos entre as empresas con fontes de investimento públicas e privadas.

A primeira edición da Aceleradora de Proxectos Turísticos contribuíu ao desenvolvemento de 10 iniciativas innovadoras e con visión de futuro. Os 10 finalistas diferenciáronse entre as 83 persoas emprendedoras rexistradas formalmente neste programa, despois de pasar todos os cortes e roldas clasificatorias, premiándose os 5 proxectos mais valorados polo comité de avaliación. Grazas aos recursos innovadores e de alto impacto especializados en turismo sostible e de calidade postos a disposición a través da Aceleradora, avánzase nun modelo de futuro do turismo galego, polo que cómpre impulsar unha segunda edición do programa.

Sétimo.- Que a colaboración público privada na consecución destes fins comúns xustifica a sinatura do presente convenio.



Polo exposto as partes teñen interese en xuntar esforzos e pór en común as súas sinerxías e experiencia en prol da potenciación de programas de emprendemento e innovación que, tendo en conta as súas experiencias noutras iniciativas de fomento e apoio ao emprendemento, deberán constituír un inestimable incentivo ao crecemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia, motivo polo que a Axencia Turismo de Galicia considera axeitado, por razóns de interese público, colaborar nas accións obxecto do presente convenio con **GALICIA TURISTIC SL**, empresa sen ánimo de lucro e único Centro de Fabricación Avanzada de Galicia orientado a Turismo e Tecnoloxía, e polo tanto a única entidade que pode desenvolver o seu obxecto de xeito completo.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e **GALICIA TURISTIC SL** para a posta en marcha do proxecto Turislab de aceleración de empresas turísticas, a través do soporte e acompañamento dos proxectos e equipos para validar as ideas de negocio, crear un produto mínimo viable e xerar primeiros clientes.

Segunda. Planificación do Proxecto Turislab

O Proxecto Turislab desenvolverase por **GALICIA TURISTIC SL** en colaboración continua coa Axencia de Turismo de Galicia, en torno a unha convocatoria que consta de 3 fases, cuxo desenvolvemento se describe na cláusula terceira:

- Convocatoria e Selección dos proxectos
- Pre-Academia



- Academia

Terceira. Desenvolvemento do Programa Turislab

Segundo se indica na cláusula segunda, cada convocatoria do Programa consta de 3 fases, que se desenvolverán segundo segue:

Convocatoria e Selección dos proxectos:

Consiste no lanzamento dunha convocatoria pública de captación de proxectos. Os proxectos terán que inscribirse *on line* na plataforma habilitada para ese efecto.

Poderán participar na convocatoria calquera empresa ou emprendedor con residencia en Galicia, maior de 18 anos, cuxo proxecto propoña ou se atope á data desenvolvendo innovación no sector turístico.

As categorías serán as seguintes:

- TuriTech, proxectos tecnolóxicos no campo da tecnoloxía de viaxes.
- Novas Experiencias, proxectos que fagan máis accesible o turismo especializado, e que tamén popularicen e creen infraestrutura para iso.
- Camiño de Santiago, proxectos que fortalezan, diversifiquen, amplíen a oferta, ...ou potencien o eixo de entrada do Turismo en Galicia.
- SocialTech, proxectos de negocios socialmente relevantes no campo das viaxes e o turismo.
- Sustentabilidade, proxectos cun impacto positivo no desenvolvemento sostible.
- GastroTech, proxectos 360, do mundo gastronómico, que axunten produtos locais, restauración, cultura e turismo.



- Turismo de litoral, proxectos do sector turístico relacionados co Turismo Náutico e o mar.

A convocatoria seleccionará un máximo de 15 proxectos participantes, deixando unha reserva de 5 máis para o caso de baixas imprevistas e/ou anulacións da participación por parte da organización da aceleradora, que pasarán ao programa de formación na Pre-Academia.

Preacademia

- Durante un mes os 15 proxectos seleccionados recibirán talleres formativos para avanzar coas ideas de negocio. Desta maneira permitirá coñecer mellor cada un dos proxectos e equipos para validar o potencial que teñen
- Dos 15 proxectos que se presentaron seleccionáronse 10 finalistas que pasarán á Academia

Academia

- Proceso de aceleración dos proxectos de 6 meses
- Os proxectos terán acceso a:
 - Talleres formativos
 - Sesións de mentoría
 - Reunións con empresas tractoras
 - Eventos
 - Rede de expertos
 - Instalacións para o desenvolvemento de todas as actividades
 - Servizos adicionais (legal, servidor, comunicación...)



Dos 10 proxectos que participan nesta fase seleccionaranse os 5 proxectos de maior calidade e viabilidade.

Incluirase tamén a celebración dun Investors Day no mes de decembro de 2022 no que os proxectos seleccionados poderán ser presentados a un panel de investidores privados e institucionais.

A selección de proxectos será realizada por unha comisión técnica de análise integrada por representantes das partes convenientes e persoas expertas designadas pola persoa titular da Axencia de Turismo de Galicia.

A comisión técnica avaliará e acreditará a calidade dos proxectos presentados e a súa viabilidade, de acordo coa memoria descritiva do seu desenvolvemento nas distintas fases do programa.

Cuarta.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado de gastos relativos ao obxecto descrito na cláusula primeira ascende a cento cincuenta mil euros, 150.000 € (IVE incluído) que se distribúen do seguinte xeito:

FASE	CONCEPTO	IMPORTE
FASE 0: CONVOCATORIA E COMUNICACIÓN	Captación mentores, profesores, empresas e grupos de investimento	42.000,00 €
	Lanzamento da convocatoria, resposta dos convocantes, medios de comunicación, clasificación e preanálise de proxectos	20.500,00 €
Total Fase 0		62 500,00 €
FASE 1: PREACADEMIA	Selección de proxectos (desenvolvemento de dinámica de avaliación, presentación de resultados, comunicación) e comezo da preacademia (xestión de proxectos, espazo e profesores)	14.000,00 €



	Demoday (preparación e execución), selección de proxectos (desenvolvemento de dinámica de avaliación, presentación de resultados, comunicación), comezo da academia (xestión de proxectos, espazo e profesores)	14.000,00 €
Total Fase 1		28.000,00 €
FASE 2: ACADEMIA	Segmento de clientes: Análise de carencias de cada proxecto, busca de solucións (Xestión de espazo, profesores, mentores e empresas tractoras)	14.100,00 €
	Viabilidade financeira: Adecuación do programa ás necesidades particulares de cada proxecto (Xestión de espazo, profesores, mentores e empresas tractoras)	15.500,00 €
	Prototipado: Análise do avance de cada proxecto, análise de empresas tractoras e mentores (Xestión de espazo, profesores, mentores e empresas tractoras)	14.200,00 €
	Proxecto – Entrada no mercado: Preparación para o Investors Day, recompilación de información detallada de cada proxecto, novo resumo executivo por cada proxecto, Business Plan a 2 anos (Xestión de espazo, profesores, mentores e empresas tractoras)	15.700,00 €
Total Fase 2		59.500,00 €
TOTAL		150.000,00 €

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará a contía de 150.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.640.0, proxecto 2013 00004 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2022. En todo caso, as achegas da Axencia Turismo de Galicia só cubrirán o custo da realización das actividades sen que GALICIA TURISTIC SL obteña beneficio ou lucro industrial algún con elas.



A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor de GALICIA TURISTIC SL unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas.

Quinta.- Compromisos das partes

A organización e desenvolvemento das actividades obxecto do convenio serán realizadas por GALICIA TURISTIC SL nun proceso de colaboración continua coa Axencia. A estes efectos, e no ámbito da comisión mixta de seguimento á que se refire a cláusula novena deste convenio, ambas as entidades manterán reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades levadas a cabo nun proceso de colaboración mutua entre ambas.

Ambas entidades, a través dos seus representantes, asistirán a todos os actos públicos de presentación e difusión das actividades conveniadas, co obxecto de incidir nunha maior difusión e promoción do proxecto.

1. GALICIA TURISTIC SL comprométese a realizar as actuacións descritas na cláusula primeira, e asume as seguintes obrigas:

- Xustificar a realización da actividade.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia, así como o logo do Xacobeo 21.22 en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.



GALICIA TURISTIC SL informará ao interlocutor designado pola Axencia periodicamente sobre a marcha das actividades realizadas ao longo do programa. O proxecto de actuacións e os informes responderán ao previsto no programa de actividades.

Así mesmo GALICIA TURISTIC SL realizará o deseño das bases legais, dossiers de presentación, proceso de selección de participantes e desenvolvemento das fases de Pre-Academia e Academia e calquera acción orientada ao impulso e difusión do programa.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas, coa achega establecida na cláusula cuarta, así como na definición en concreto das accións obxecto do convenio.

A Axencia nomeará un responsable do seguimento das actividades contempladas neste convenio, que será, así mesmo, o encargado da recepción dos informes sobre a marcha do programa.

Sexta.- Resultados conxuntos

As partes compartirán os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre os traballos correspondentes ás actuacións obxecto do convenio. Así mesmo, o diverso material promocional elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común para as partes asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes, non obstante a Axencia Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.



Sétima.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

Non se derivarán obrigas propias dunha relación laboral ou contractual de conformidade coa normativa vixente.

Oitava.- Xustificación e pagamento

A achega da Axencia Turismo de Galicia, será librada, previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas para o que GALICIA TURISTIC SL deberá presentar a seguinte documentación, en relación ás actividades cuxa realización asumen, de conformidade ao establecido na cláusula cuarta:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio.
- Factura emitida pola entidade á Axencia Turismo de Galicia polas actuacións realizadas obxecto de este convenio de colaboración.
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e do logo do Xacobeo 21.22.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.



A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

O prazo para presentar a documentación xustificativa será o **15 de decembro de 2022**.

Unha vez rematadas cada unha das fases que se establecen na cláusula terceira, e previa presentación da documentación xustificativa prevista nesta cláusula, poderanse realizar pagamentos parciais do importe correspondente á citada fase, previa comprobación e conformidade das actuacións desenvolvidas.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula cuarta relativo ás accións a realizar por GALICIA TURISTIC SL, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e se compensen uns conceptos con outros.

No caso de que finalmente o orzamento executado fose inferior ao orzamento estimado previsto na cláusula cuarta deste convenio, minorarase a achega da Axencia ao importe efectivamente xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

Novena.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por dous representante designados por cada unha das partes asinantes. A comisión será a competente para decidir calquera cuestión sobre a interpretación ou execución do presente convenio.

A Comisión concretará as actividades do programa proposto así como as condicións de financiamento para asegurar a súa viabilidade, dentro da achega máxima a que se



obriga a Axencia Turismo de Galicia coa sinatura deste convenio e establecida na cláusula cuarta.

A Comisión de Seguimento fará o seguimento dos traballos obxecto do convenio, así como resolverá as dúbidas que se presenten na súa execución e interpretación.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima.- Modificacións do convenio

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décima primeira.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello



2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que os exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e contra os seus acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décima segunda.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo terceira.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.



Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

Décimo cuarta.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do convenio se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a súa adecuada formalización e desenvolvemento e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo quinta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados



das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sexta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o **31 de decembro de 2022**.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes asinan o presente convenio

Pola Axencia Turismo de Galicia

Por Galicia Turistic S.L.

Alfonso Rueda Valenzuela

Santiago Paz Noya

